



CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES ÁS ENTIDADES LOCAIS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA ACTIVIDADES E EQUIPAMENTOS CULTURAIS NO CONCELLO DE ARTEIXO PARA O ANO 2026:

1. BASES REGULADORAS:

A convocatoria realízase ao abeiro das **bases reguladoras** para a concesión de subvencións **mediante concorrancia competitiva** ás entidades locais para as actividades e equipamentos culturais en Arteixo publicadas no **BOP nº 215, do 16 de decembro de 2020**.

2. CRÉDITO ORZAMENTARIO:

As contías destinadas son os importes consignados no orzamento ordinario para o ano 2025 ascendendo a un total de **42.000 €** resultado da suma de:

- **32.000 € con cargo á partida 334.48903 para actividades**
- **10.000 € con cargo á partida 334.78000 para equipamentos.**

3. OBXECTO E FINALIDADE:

Apoiar ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, así como na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de cultura durante o período subvencionable establecido nesta convocatoria.

En base a súa **finalidade**, convócanse os seguintes programas culturais:

- **Actividades culturais:** celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, viaxes culturais, encontros, conferencias, estudos, etc. En xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais, especialmente dos que resulten da súa pertenza á comunidade galega e/ou ao concello de Arteixo.
- **Talleres culturais:** actividade realizada por un grupo de alomenos 15 persoas que, co apoio dun monitor/a especializado/a, realizan unha determinada aprendizaxe durante 1 hora, como mínimo, á semana durante varios meses ao ano.
- **Equipamentos culturais:** materiais e medios de carácter non funxible e inventariable que son necesarios para o normal desenvolvemento da actividade cultural dunha asociación.

4. PERÍODO SUBVENCIONABLE E DE XUSTIFICACIÓN:

O período subvencionable abranguerá dende o **1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026** (ámbolos dous incluídos), garantindo a continuidade do apoio ao tecido asociativo sen baleiros temporais.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



O prazo de presentación da documentación e conta xustificativa rematará o **30 de setembro de 2026**.

5. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS:

Poderán beneficiarse desta liña de axudas entidades legalmente constituídas que cumpran os seguintes **requisitos**:

- a) Estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións no momento da solicitude.
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo ou sobre temas de interese para o concello.
- d) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Arteixo.
- f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de axudas ou subvencións públicas.
- g) Ter un número mínimo de dez socios, agás as entidades ás que pola súa natureza non lles sexa de aplicación (fundacións, comités organizadores...).

Excepcionalmente, poderán presentar solicitude de subvención para programas considerados de especial relevancia as **comunidades veciñais, comités organizadores e persoas físicas** que cumpran os requisitos sinalados nos apartados b), c), d), e) e f).

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O prazo de presentación será de **15 días naturais** a contar dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a través da BDNS. As solicitudes e anexos deberán presentarse obrigatoriamente por **sede electrónica** (<https://sede.arteixo.org>).

7. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A SOLICITUDE:

- a) **Memoria explicativa das actividades, talleres ou investimentos** que se pretenden realizar.
- b) **Presuposto detallado** por conceptos de gastos e ingresos previstos da actividade ou investimento para o que se pretende a subvención solicitada.



c) **Importe da subvención solicitada**, que non poderá superar o 70% do presuposto de gastos o cal non debe exceder a cantidade de 10.715 €.

d) Certificación orixinal do acordo de solicitude e do **nomeamento do representante** para as súas relacións co Concello (no modelo oficial), xunto coa fotocopia do seu DNI.

e) **Declaración responsable relativa a outras subvencións e/ou axudas** percibidas con idéntico destino, a atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, á inexistencia de cantidades pendentes derivadas de expedientes de reintegro de subvencións, así como de non atoparse en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións (segundo o modelo oficial).

f) **Certificación do número de socios activos**, que terá que acadar un mínimo de 10 persoas.

g) **Memoria das actividades realizadas no exercicio anterior**.

h) Compromiso da entidade de **facen constar a colaboración do Concello de Arteixo e da Concellaría de Cultura en toda información** que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades ou investimentos.

i) **Declaración das actividades de colaboración** co Concello de Arteixo durante o ano anterior.

As entidades de nova creación deberán presentar, ademais:

- Fotocopia da **acta de constitución** cos cargos da actual xunta directiva. No caso de persoas físicas substituirase por un prego coas sinaturas, nome completo, enderezo e DNI de cada unha delas.
- Fotocopia do **CIF da entidade**. No caso de que o solicitante presente o CIF dunha entidade de ámbito superior, deberá acreditar que conta con autorización da entidade titular do CIF para a súa utilización.
- **Certificación da conta bancaria** segundo modelo oficial.
- Certificación da **inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia**
- **Estatutos** da entidade rexistrados polo organismo competente.

As persoas físicas, ademais:

- No caso de artistas individuais, **historial** no que constará os **logros ou premios** obtidos máis importantes. Dito historial deberá acreditarse fidedignamente.
- No caso do alumnado de bacharelato, universidade e ciclos formativos, **expediente académico e titorización do traballo** presentado por parte dalgún



profesor/a, así como historial de investigador/a da persoa solicitante.

8.CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES:

Cráterios xerais:

a) Interese das actividades ou investimentos: ata 25 puntos dos que 10 como mínimo concederanse en función das prioridades sinaladas polo solicitante na petición.

b) Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: ata 10 puntos.

c) Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 35 puntos

d) Colaboración cos programas culturais e festivos municipais: ata 30 puntos.

Cráterios específicos:

Co fin de facilitar a conversión da puntuación obtida segundo o baremo establecido á contía da subvención, adoptaranse como referencia os seguintes valores, fixando un mínimo por asociación de 150,00 € e un máximo de 7.500,00 €:

Ademais, para unificar os criterios numéricos (b, c) establécense as seguintes táboas de equivalencias para adxudicar os puntos correspondentes.

Beneficiarios (b)

Nº beneficiarios	Puntos
15	0
15-30	1
31-45	2
46-60	3
61-75	4
76-90	5
91-105	6
106-120	7
121-135	8
136-150	9
+150	10

Coeficiente de financiamento (c)

Coeficiente	Puntos
01-14	35
15-28	27
29-42	19
43-56	11
57-70	03

9.SUBSANACIÓN E REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES:

A reformulación das solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ó solicitado pola entidade beneficiaria, o presuposto subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente,



determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento proposto pola entidade beneficiaria.

10.RÉXIME DE RECURSOS CONTRA A RESOLUCIÓN:

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

11.NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE:

A resolución da concesión notificarase expresamente a todos/as os/as solicitantes de forma fidedigna no prazo máximo de 2 meses contados a partir da data de resolución do programa e será exposta ao público nos taboleiros de anuncios do Concello."